

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O TRINTA E UN DE MAIO DE DOUS MIL DEZAOITO.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.

Dña. Raquel Caruncho Corral.

D. José Simoes Couceiro.

Dña. Yolanda Vázquez Busto.

Dña. Silvia Fornos Permuy.

Dña. Marta Pico Machado.

Dña. Ascensión de Vicente Olarte.

D. Andrés Pérez Pérez.

Dña. Ana María Veira García.

D. Jorge Serafín Allegue Freire

[Abandona a sesión ás 14h04min., durante o transcurso do punto 9 da orde do día: actividade de control do pleno: rogos e preguntas]

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e sete minutos do día trinta e un de maio de dous mil dezaoto, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polas Secretaria e a Interventora Municipais.

Non asisten:

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

Dña. María Carmen Piñeiro Varela.

Secretaria

D^a. Ana Ramos Ramos

Interventora

D^a. Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- SESIÓN ORDINARIA DE 26.04.2018.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“ PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- SESIÓN ORDINARIA DE 26.04.2018.

(Expediente TEdC: 2018/G006/000075)



Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 26.04.2018.

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 26.04.2018.

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro en Pontedeume, a luns 28 de maio de 2018.”

Dende a Presidencia pregúntase se algún/ha membro ten algo que indicar ao respecto do borrador da acta da sesión que se somete a aprobación.

Non habendo intervencións, sométese o borrador da acta a aprobación, quedando **ADOPTADO** por **10 votos** a favor de D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Marta Pico Machado, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez, Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, e **1 abstención** de Dna. Silvia Fornos Permuy, por non estar presente na sesión cuxo borrador se somete a aprobación, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 26.04.2018.

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 7/2018.

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA.

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 28 DE MAIO DE 2018

EXPDTE: 2018/G012/000005

SESIÓN Nº: 26/2015-2019

2.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 7/2018.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 7/2018.

Expediente TEdC: 2018/G006/000066

De conformidade co previsto nos artigos 82.3.e 97.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en relación coa modificación de crédito número 7/2018 na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito, co fin de incluílo na Orde do Día da próxima sesión plenaria que se convoque,

Visto o expediente tramitado que consta de Providencia da Alcaldía, Memoria da Alcaldía e os informes de Intervención de referencia 79 e 80/2018, así como os informes técnicos emitidos polo arquitecto técnico municipal respecto dos investimentos que se prevén financiar con esta modificación de crédito,

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Visto que da liquidación do orzamento de 2017, aprobada mediante Resolución da Alcaldía número 186/2018, de 23/04/2018 resulta un superávit orzamentario de 826.020,02 euros, un remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado de 228.752,41 euros e para gastos xerais de 1.177.912,62 euros

Visto que o destino do dito remanente vén regulado no artigo 32 da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEASF), e na Disposición adicional sexta da dita norma, que regula as Regras especiais para o destino do superávit orzamentario,

Visto que a definición do que se entende por investimento financeiramente sostible vén regulada na disposición adicional decimosesta do Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL),

E visto que a anterior lexislación vén prorrogada e modificada polo Real Decreto Lei 1/2018, polo que se prorroga para 2018 o destino do superávit das corporacións locais para investimentos financeiramente sostibles e se modifica o ámbito obxectivo dos mesmos,

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA** para o seu **DITAME** pola Comisión Informativa:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 7/2018 na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito, por importe total de total de 101.359,80 euros, para realizar investimentos financeiramente sostibles, de acordo co seguinte:

- Crédito extraordinario, por importe de 77.809,76 euros financiado co Remanente de tesourería para gastos xerais e cuxo desglose quedaría como segue:

Aplicación Orz.	Proxecto de gasto	Denominación	Importe	Subconcepto
133.61900	2018/4/LK/1/1	Aparcamiento exterior en Lugar de Pía, Valdeviñatos	49.641,07	87000
1531.61900	2018/4/LK/3/1	Aglomerado do vial de Vilar	28.168,69	87000

- Suplemento de crédito por importe de 23.550,04 euros financiado co Remanente de tesourería para gastos xerais e cuxo desglose quedaría como segue:

Aplicación Orz.	Proxecto de gasto	Denominación	Importe	Subconcepto
1532.61900	2018/4/LK/2/1	Adecuación e mellora de pavimentos en Esteiro	23.550,04	87000

SEGUNDO: Expor este expediente ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume na data indicada na marxe."

Non habendo intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **4 votos a favor** dos representantes do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. Pedro Amado Sanmartín, D. José Simoes Couceiro, D. Bernardo Fernández Piñeiro e Dña. Marta Pico Machado e **3**



abstencións do resto dos señores concelleiros e concelleiras, do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez e Dna. Ascensión de Vicente Olarte, e do BNG-AA(1): Dna. Ana Veira García.”

A Presidencia abre a quenda para o debate, remitíndose á explicación dada na Comisión Informativa sobre a liquidación do orzamento de 2017, da que resultou un remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado de 228.752,41 euros e para gastos xerais de 1.177.912,62 euros e un superávit orzamentario de 826.020,02 euros, sendo a existencia deste superávit o que abre a posibilidade de que se faga uso daquel, tendo en conta o establecido pola normativa estatal. De seguido da conta das obras que se realizarán con cargo a este modificativo, obxecto da proposta que segundo indica, son actuacións demandadas tanto nos distintos plenos polos distintos grupos como pola veciñanza e que o goberno comparte. Anuncia que ao longo dos vindeiros meses se programarán outras. Conclúe a súa intervención indicando que é a boa xestión económica do Concello a que permite facer uso deste remanente e cumprir coas necesidades e reivindicacións da veciñanza para coa mellora dos espazos públicos de titularidade municipal.

De seguido, toma a palabra Dna. Ascensión de Vicente Olarte quen exerce a portavocía do Grupo Municipal do Partido Popular. A Sra. De Vicente Olarte cualifica as obras como necesarias e beneficiosas e que na proposta se fai referencia a informes técnicos que non foron remitidos xa que se enviaron os de viabilidade económica e non urbanística. A este respecto D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non hai no expediente outros informes e que aos que se refire a concelleira son os que se emiten cando se vai adxudicar a obra. Feita esta aclaración, Dna. Ascensión de Vicente Olarte di que tendo preguntado ao respecto foi iso o que se lle dixo, ao tempo que pregunta polo informe de Patrimonio sobre a primeira das obras e tendo coñecemento de que xa chegou o que lle correspondía evacuar a Medio Ambiente. Ante isto, intervén o Sr. Alcalde, quen informa de que non chegou o informe polo que se ven de interesar a portavoz se ben tendo falado co dito organismo, non se prevé problema algún. Dna. Ascensión de Vicente Olarte conclúe a súa intervención anunciando o voto favorable do seu grupo á proposta.

Rematada a intervención anterior, Dna. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do BNG di que dende o seu grupo se vai votar a favor da modificación de crédito tendo en conta que se trata do procedemento para a realización das obras recollidas na proposta, que considera actuacións que hai que facer e que algunha delas, en referencia ao aglomerado de vial en Vilar, foi pedida dende o BNG con outras peticións que presentaron cara a aprobación do orzamento e que, agarda, se vaian completando.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 7/2018 na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito, por importe total de total de 101.359,80 euros, para realizar investimentos financeiramente sostibles, de acordo co seguinte:

- Crédito extraordinario, por importe de 77.809,76 euros financiado co Remanente de tesourería para gastos xerais e cuxo desglose quedaría como segue:

Aplicación Orz.	Proxecto de gasto	Denominación	Importe	Subconcepto
133.61900	2018/4/LK/1/1	Aparcamiento exterior en Lugar de Pía, Valdeviñatos	49.641,07	87000
1531.61900	2018/4/LK/3/1	Aglomerado do vial de Vilar	28.168,69	87000

- Suplemento de crédito por importe de 23.550,04 euros financiado co Remanente de tesourería para gastos xerais e cuxo desglose quedaría como segue:

Aplicación Orz.	Proxecto de gasto	Denominación	Importe	Subconcepto
1532.61900	2018/4/LK/2/1	Adecuación e mellora de pavimentos en Esteiro	23.550,04	87000

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO: Expor este expediente ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

3.- EXPEDIENTE DE RECTIFICACIÓN DO ACORDO DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS F/2018/2. ACORDOS QUE PROCEDAN

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA.

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 28 DE MAIO DE 2018

EXPDTE: 2018/G012/000005

SESIÓN Nº: 26/2015-2019

3.-EXPEDIENTE DE RECTIFICACIÓN DO ACORDO DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS F/2018/2. ACORDOS QUE PROCEDAN.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

EXPEDIENTE DE RECTIFICACIÓN DO ACORDO DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO F/2018/2. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Expediente TEdC: 2018/G006/000067

Visto que por acordo do Pleno da Corporación de data 28/03/2018, procedeuse á aprobación das facturas incluídas na relación F/2018/2 correspondentes ao expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por importe total de 235.162,09 euros, entre as que figuraba a seguinte factura:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Pro g	Econ
F/2018/186	22/01/1	Rect-Emit-8,14	10/07/1	7 500,00 €	6	ASOC CULTURAL MAJOIRA EMPRENDIZAJE CULTURAL	CONCERTO OS ALCANTARA 10/06/2017	334	2260 9

Visto que no rexistro de entrada de facturas FACe, con nº 2018/1093 do 04/05/2018, preséntase pola Asociación Cultural Majoira Emprendizaje Cultural con CIF G70411566, a factura nº RECT6-14 de data 10/06/2017, polo mesmo concepto "Concerto Os Alcántara" e mesmo importe 500,00 euros, acompañando escrito comunicando a realización dunha rectificación da factura Rect-Emit-14 pola existencia dun erro no CIF do emisor, constando tamén na plataforma de facturación FACe unha solicitude de data 04/05/2018 de anulación da citada factura con CIF erróneo.

Visto que se trata dun erro do emisor da factura, constando un CIF que non se corresponde co da razón social, dato esencial, que impediu que se procedese ao pagamento da factura por non coincidir co existente no certificado de titularidade da conta bancaria a nome de ASOC.MAJOIRA EMPRENDIZAJE CULTURAL.

Tendo en conta que a citada factura figura contabilizada con número de operación ADO-220180001075 do 28/03/2018, atopándose tal como se indicou, pendente de pago.

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA** de **DITAME** para Comisión Informativa:



PRIMEIRO.- Rectificar o acordo de aprobación, deixando sin efecto a aprobación da factura cos seguintes datos e CIF erróneo:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Prog	Econ
F/2018/186	22/01/18	Rect-Emit-814	10/07/17	7 500,00 €	G70231006	ASOC CULTURAL MAJOIRA EMPRENDIZAJE CULTURAL	CONCERTO OS ALCANTARA 10/06/2017	334	22609

SEGUNDO.- Aprobar e recoñecer o seguinte gasto por importe de 500,00 euros:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Prog	Econ
F/2018/1093	04/05/18	8RECT6-14	10/06/17	7 500,00 €	G7041156	ASOC CULTURAL MAJOIRA EMPRENDIZAJE CULTURAL	CONCERTO OS ALCANTARA 10/06/2017	334	22609

TERCEIRO.- Dar traslado a Intervención para que efectúe as anotacións contables que procedan.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Asinado dixitalmente polo Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro na data indicada na marxe”

Non habendo intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **4 votos a favor** dos representantes do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. Pedro Amado Sanmartín, D. José Simoes Couceiro, D. Bernardo Fernández Piñeiro e Dna. Marta Pico Machado e **3 abstencións** do resto dos señores concelleiros e concelleiras, do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez e Dna. Ascensión de Vicente Olarte, e do BNG-AA(1): Dna. Ana Veira García.”

A Presidencia abre a quenda para o debate indicando que se trata do que cualifica como unha cuestión menor, xa que se trata de emendar un erro co que se presentou unha das facturas que compoñían o expediente orixinal e poder tramitar así o seu pagamento.

A Sra. Portavoz do Grupo Municipal do PP recorda que o voto do seu grupo no expediente de recoñecemento extraxudicial foi a abstención e que, neste caso, non teñen nada que obxectar.

Dna. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do BNG anuncia o voto favorable do seu grupo tendo en conta que se trata unha cuestión de procedemento.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Rectificar o acordo de aprobación, deixando sin efecto a aprobación da factura cos seguintes datos e CIF erróneo:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Prog	Econ
F/2018/186	22/01/18	Rect-Emit-14	10/07/17	500,00 €	G70231006	ASOC CULTURAL MAJOIRA EMPRENDIZAJE CULTURAL	CONCERTO OS ALCANTARA 10/06/2017	334	22609

SEGUNDO.- Aprobar e recoñecer o seguinte gasto por importe de 500,00 euros:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Prog	Econ
F/2018/1093	04/05/18	RECT6-14	10/06/17	500,00 €	G7041156	ASOC CULTURAL MAJOIRA EMPRENDIZAJE CULTURAL	CONCERTO OS ALCANTARA 10/06/2017	334	22609

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TERCEIRO.- Dar traslado a Intervención para que efectúe as anotacións contables que procedan.

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP) ANTE O ANUNCIO DO FINAL DA ETA

Dña. Ascensión de Vicente Olarte, concelleira que asume a portavocía do Grupo Municipal do Partido Popular, da lectura ao texto da moción, que de seguido se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hace sólo unos días ETA anunció su posible desaparición con el mismo cinismo, inmoralidad e irresponsabilidad que marcaron sus crímenes.

Durante los últimos 50 años los asesinos de la banda terrorista han sembrado fuego y sangre, dejando un legado de odio y rabia que costará eliminar del País Vasco, Navarra y en definitiva, de toda España.

La historia de ETA no es más que el relato de quienes pretendieron instaurar un régimen de terror porque era la única forma de conseguir unos objetivos políticos que no podían lograr de forma democrática; La injusticia, la crueldad y el totalitarismo impuestos por la fuerza y el crimen.

Hoy ETA ha evidenciado por fin que toda su historia ha sido un fracaso. No ha logrado ninguno de los objetivos políticos que se marcó en su larga trayectoria criminal.

Los terroristas no consiguieron ningún rédito por matar, tampoco por dejar de hacerlo, hace ya algunos años. La democracia nada tiene que agradecer a la banda terrorista ETA.

Ahora, cuando ETA, por fin, ha anunciado su desaparición, nuestro primer pensamiento es para las víctimas del terrorismo: las 853 que perdieron la vida; para las que sobrevivieron a los atentados pero que sufren sus secuelas para siempre; para las personas amenazadas y para sus familias. Para todas sin excepción, sin distinciones y sin categorías, porque a todas ha igualado en su fanatismo criminal la violencia terrorista. No hay lugar para las justificaciones ni para las excusas. Nada justifica tanto dolor ni tanta impiedad.

Y fue el testimonio de las víctimas del terrorismo el que desnudó de propaganda y de excusas huecas la auténtica naturaleza criminal del proyecto de ETA; el que lo privó de cualquier atisbo de legitimidad; y el que lo convirtió en algo, simplemente, detestable.

La sociedad española encontró una respuesta contundente a los asesinatos, extorsiones y amenazas: nuestra democracia. Ante los crímenes de ETA justicia; ante la sinrazón del terrorismo, fortaleza moral. Crecimos como sociedad madurando con dolor por cada pérdida, pero decididos a defender nuestra vida democrática y en libertad.

En el futuro, todos los demócratas velaremos por custodiar este legado que tanto sufrimiento costó a los españoles.

Por todo ello, el Grupo Municipal del Partido Popular presenta la siguiente

MOCIÓN:

El Ayuntamiento de Ponte deume pide se adopten los siguientes acuerdos:



PRIMERO.- Asumimos el compromiso de mantener vivo el recuerdo de las víctimas del terrorismo.

SEGUNDO.- Seguimos comprometidos en la lucha contra lo que ETA significó y contra lo que intentó llevar a cabo. Siempre velaremos por un relato veraz y democrático, porque es la mejor garantía de que nada de eso vuelva a suceder.

TERCERO.- Trasladamos nuestra gratitud a todas aquellas instituciones, entidades cívicas y personas que se han implicado en la lucha contra la banda Terrorista ETA.

CUARTO.- Agradecemos a los Cuerpos y Fuerzas de Seguridad del Estado la labor infatigable en la lucha contra la banda terrorista, desarrollada durante todos estos años.

QUINTO.- Mostramos nuestro agradecimiento y apoyo a todas las organizaciones que durante años han defendido la dignidad de las víctimas del terrorismo; han mantenido viva su memoria y han reivindicado justicia para cada uno de los casos.

SEXTO.- Solicitamos al Gobierno de España que los Cuerpos y Fuerzas de Seguridad del Estado sigan investigando los crímenes de ETA, ya que casi 300 asesinatos aún no han sido juzgados.

SÉPTIMO.- Exigimos que los delitos por el terrorismo de ETA se sigan juzgando, condenando si procede y las condenas se cumplan sin impunidad.

OCTAVO.- Nos sumamos a la iniciativa de mostrar el lazo azul, como símbolo de la lucha contra ETA y de compromiso permanente con las víctimas del terrorismo; por su dignidad, memoria, verdad y justicia.

NOVENO.- Apelamos a todos los partidos políticos para que mantengan la unidad del Pacto Antiterrorista. Todas las formaciones políticas deben permanecer unidas frente a los asesinos y sus cómplices.

DÉCIMO.- Pedimos al Gobierno de España que exprese el agradecimiento de la ciudadanía a Francia y al resto de países de la Unión Europea por su compromiso y colaboración, que nos ha permitido derrotar a ETA.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra Dna. Ana Veira García. A portavoz do Grupo Municipal do BNG di que, non facendo unha análise punto por punto, cren que existe instrumentalización do asunto por parte do PP en beneficio propio, concretamente no caso das vítimas da ETA. Indica que están orgullosos de que houbera un cese, unha deposición das armas e logo a disolución da banda, anunciando a súa desaparición. Di que non aceptan que se instrumentalice a dor nin se faga diferenciación entre vítimas, en alusión ás vítimas da ditadura e considera que dende o PP se utiliza un dobre raseiro neste sentido. Considera que esta moción non ten cabida ante a desaparición da banda e que o BNG non vai caer na trampa do que cualifica como instrumentalización en beneficio propio por parte do PP; di que dende o BNG sempre se amosou condena á violencia terrorista por non ser este o camiño da democracia. Conclúe anunciando o voto en contra do seu grupo á moción.

Toma a palabra D. José Simoes Couceiro. O portavoz do Grupo Municipal do PSOE cualifica o asunto como delicado e considera que debía ser obxecto dunha declaración institucional, mais que dunha moción, e que o lóxico sería ter convocado unha xunta de portavoces. Se ben cuestiona o contido da exposición de motivos, por cuestións de competencia, di que non teñen inconvinte en votar a favor.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte di que recolle a proposta do PSOE e que non lles importaría a celebración dunha Xunta de Portavoces para a concreción dunha declaración institucional.

Dna. Ana Veira García di que loxicamente, a declaración institucional sería con posterioridade á celebración dunha reunión. Considera que non é necesaria a presentación da moción lodo da

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

disolución da banda e que se trata dun xeito de “remove” por parte do PP, polo que non van caer nese xogo.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO por 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE (7): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dña. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dña. Yolanda Vázquez Busto, Dña. Silvia Fornos Permuy e Dña. Marta Pico Machado; e do PP(2): Dña. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e **2 votos en contra** das persoas que integran o Grupo Municipal do BNG: Dña. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o **ACORDO** seguinte:

PRIMERO.- Asumimos el compromiso de mantener vivo el recuerdo de las víctimas del terrorismo.

SEGUNDO.- Seguimos comprometidos en la lucha contra lo que ETA significó y contra lo que intentó llevar a cabo. Siempre velaremos por un relato veraz y democrático, porque es la mejor garantía de que nada de eso vuelva a suceder.

TERCERO.- Trasladamos nuestra gratitud a todas aquellas instituciones, entidades cívicas y personas que se han implicado en la lucha contra la banda Terrorista ETA.

CUARTO.- Agradecemos a los Cuerpos y Fuerzas de Seguridad del Estado la labor infatigable en la lucha contra la banda terrorista, desarrollada durante todos estos años.

QUINTO.- Mostramos nuestro agradecimiento y apoyo a todas las organizaciones que durante años han defendido la dignidad de las víctimas del terrorismo; han mantenido viva su memoria y han reivindicado justicia para cada uno de los casos.

SEXTO.- Solicitamos al Gobierno de España que los Cuerpos y Fuerzas de Seguridad del Estado sigan investigando los crímenes de ETA, ya que casi 300 asesinatos aún no han sido juzgados.

SÉPTIMO.- Exigimos que los delitos por el terrorismo de ETA se sigan juzgando, condenando si procede y las condenas se cumplan sin impunidad.

OCTAVO.- Nos sumamos a la iniciativa de mostrar el lazo azul, como símbolo de la lucha contra ETA y de compromiso permanente con las víctimas del terrorismo; por su dignidad, memoria, verdad y justicia.

NOVENO.- Apelamos a todos los partidos políticos para que mantengan la unidad del Pacto Antiterrorista. Todas las formaciones políticas deben permanecer unidas frente a los asesinos y sus cómplices.

DÉCIMO.- Pedimos al Gobierno de España que exprese el agradecimiento de la ciudadanía a Francia y al resto de países de la Unión Europea por su compromiso y colaboración, que nos ha permitido derrotar a ETA.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASEMBLEAS ABERTAS (BNG) PARA APOIAR A FOLGA XERAL DO 19 DE XUÑO.

Dña. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA, pregunta pola presentación por parte da CIG da moción ao Concello, ao que se contesta afirmativamente, se ben xurde a dúbida sobre o formato e o cauce que debería seguir este tipo de documentos ao respecto da súa distribución aos distintos grupos con representación na Corporación.

De seguido, da lectura ao texto da moción, que de seguido se transcribe:



“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (C.I.G.) ten convocada Folga Xeral para o próximo 19 de Xuño, baixo o lema **Sumando Loitas- Sobran razóns**. Pola Recuperación dos nosos Dereitos. Na Galiza, emprego, salarios e pensións dignas.

As decisións políticas adoptadas desde o inicio da crise económica teñense demostrado un auténtico roubo e saqueo á clase traballadora e ao conxunto do pobo galego.

A recuperación económica da que se fai propaganda á diario non existe, é só para as persoas ricas, que aumentan a súa riqueza, á conta dun empobrecemento xeral.

Medra o paro e baixa a poboación activa. A taxa de paro é do 15,08%, maior que no ano 2009.

Ter un traballo non permite vivir en condicións dignas. As pensións non garanten poder adquisitivo. As reformas do sistema público de pensións, do 2011 e 2013, fan que na Galiza teñamos as pensións máis baixas do Estado español.

A reforma laboral impón pobreza laboral, non hai creación de emprego, hai precariedade, contratos de traballo en condicións escravizantes, a tempo parcial e salarios miserentos que tan siquera chegan ao salario mínimo interprofesional.

Cada día son máis persoas no desemprego non perciben ningún tipo de ingresos. Non para a emigración de xente nova, deixando sen futuro á sociedade galega.

Medran os sectores sociais abandonados polas Administracións ante os recortes sociais e privatizacións dos servizos públicos, do ensino, sanidade, servizos sociais, etc...

Criminalizan, reprimen, encadean a quen se mobiliza, quen exerce a liberdade de expresión, quen defende os dereitos da clase traballadora e quen loita polos dereitos das nacións que integramos o Estado español.

O Goberno de Feixó non toma iniciativas ante esta grave situación, sométese a estas políticas decididas en Madrid e Bruxelas, actuando só en favor dos Fondos de Inversión, que acumulan máis riqueza en menos mans, lonxe de Galiza.

O Goberno español do PP, en minoría parlamentaria, cheo de corrupción e con total impiedade, reforza os recortes nos Orzamentos do Estado, mentres as teóricas forzas da esquerda española son incapaces de poñerse de acordo para botalos das institucións, e acabar con todas estas reformas laborais e sociais que tanto dano fan.

Non se pode agardar máis. Está en xogo evitar que as novas xeracións vivan en peores condicións que as anteriores

A folga xeral é a resposta necesaria da clase traballadora para demostrarlle ao poder económico e político a nosa disposición de loitar pola recuperación dos nosos dereitos e por un futuro digno.

Para esixir a derogación das reformas laborais e da negociación colectiva. Debilitan á clase traballadora, precarizan o emprego, estabelecen novas formas de explotación laboral.

Para conseguir avances reais para as mulleres. A Folga do 8 Marzo debe traducirse no remate da fenda salarial, da temporalidade, do acoso sexual e laboral, das discriminacións por maternidade... A sentenza da Audiencia de Navarra confirma que a violencia patriarcal está instalada en todos os aparatos do Estado.

Para defender as pensións públicas. O PP non pode desoír o clamor social de pensións dignas. É a mellor defensa ante a próxima reforma do Pacto de Toledo. As medidas anunciadas nos Orzamentos é un engano, se non se derrogan as reformas de 2011 e 2013, o roubo ás pensións seguirá.

Contra os abusos da patronal, reforzada con estas políticas antiobreiras, paralizada a negociación colectiva, atacan as nosas condicións laborais e salariais, impón convenios estatais que non satisfan as nosas reivindicacións de emprego e salarios dignos.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Para frear as duras políticas do PP contra os/as desempregados/as. O Goberno de Raxoi prepara un novo recorte ao sistema de protección por desemprego, unificando as prestacións asistenciais para reducir o tempo e as contías dos subsidios.

Para acabar cos recortes sociais e a privatización de servizos públicos, lograr a derogación da LOMCE e da Lei de Saúde da Xunta de Feixoo. Para que o Ensino e a Sanidade sigan sendo galegas, públicas, universais, gratuítas e de calidade.

Para impedir o retroceso nas liberdades democráticas e nos dereitos fundamentais, da Lei Mordaza e da última reforma do Código Penal.

Pola rexeneración democrática fronte á corrupción actual, ante a crise política e institucional do réxime imposto coa Constitución do 78, que pretenden perpetuar a toda costa.

Por solidariedade e unidade da clase traballadora. Cómpre rachar a dupla realidade dentro da clase traballadora, de explotadas e sobre-explotadas. A precariedade e a pobreza laboral pódense facer imparábeis.

Para conquistar o dereito a vivir e traballar dignamente na Nosa Terra. Para que a riqueza dos nosos recursos se utilicen para industrializar, crear postos de traballo dignos e mellores servizos públicos. Para que a nosa emigración poida retornar.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Manifestar o apoio da Corporación Municipal a estas reivindicacións e animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta Folga Xeral do 19 de Xuño de 2018."

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Dña. Ana Veira García di que, logo da lectura da exposición de motivos, que pouco hai que dicir xa que as razóns da convocatoria son coñecidas e sufridas e fai alusión á coxuntura a nivel de estado coa moción de censura no Congreso, a corrupción di, confirmada a nivel xudicial..., as situacións de precariedade, manifestacións dos empregados públicos, pensionistas..., cualificando esta realidade como "convulsa", que motiva a convocatoria de folga que o BNG cre necesaria e importante xa que a sociedade civil non está de acordo coas políticas, poñendo como exemplo a derogación da normativa das pensións coa que di, curiosamente, a CIG foi o único sindicato que fixo folga para se manifestar en contra no ano 2013 e que agora, os partidos que asinaron aquela reforma danse conta de que "meteron a pata" e que hai que cambiar as cousas estando o BNG de acordo coa proposta de folga.

De seguido toma a palabra Dña. Ascensión de Vicente Olarte quen di que ven de escoitar a Pedro Sánchez, facendo unha absoluta defensa da Constitución e que ten dito que entre os obxectivos de goberno, respectaría o orzamento que se ven de aprobar no Congreso, que ía manter e defender. En canto á moción, considera que á CIG lle faltan razóns para convocar a folga, en tanto que non se teñen sumado á convocatoria o resto de organizacións sindicais e que foi tachada de inútil e propagandística. Fai referencia ás declaracións dos líderes de UGT-Galicia e de CCOO sobre esta convocatoria e da unha serie de datos, que cualifica de obxectivos, ao respecto das reivindicacións. Di que Galicia foi a comunidade na que máis baixou o paro na evolución anual en abril, que se pechou unha caída do 10,92% a maior de toda a serie histórica e que superou en máis de catro puntos o ritmo de descenso do estado, situándose cun nivel de paro inferior a hai nove anos; que se produciu un incremento en afiliacións á seguridade social, o maior dende o 2007; a sinatura de novos contratos, cun aumento dos indefinidos sobre os temporais....; que o paro baixou nas catro provincias galegas e nas sete grandes cidades e en todos os sectores de actividade; que Galicia conta con máis



emprego igualitario e xuvenil e que o desemprego descendeu tamén nos parados de longa duración, confirmando o pulo do goberno galego ás políticas de emprego; que se están reforzando as actuacións para asegurar o cumprimento das normas de igualdade e non discriminación coa realización de campañas sobre o control de elaboración e aplicación dos plans de igualdade, facendo fincapé na supervisión da fenda salarial para evitar cláusulas discriminatorias; que a Xunta ven de aprobar programas específicos para a mocidade (obradoiros de emprego, programa Emprega Xuventude, axudas Cooperación con entidades sen ánimo de lucro para a contratación de mozas e mozos.... Sobre as actuacións a nivel de estado, di que os orzamentos que se aprobaron son os máis sociais da historia da democracia, tendo en conta que se incrementou a porcentaxe da suba das pensións e que, no relativo ao funcionariado, se inclúen melloras salariais cun incremento na nómina, a xubilación anticipada para a policía local..., concluíndo a súa intervención indicando que Galicia está dentro das comunidades que reciben un maior investimento do Estado.

De seguido toma a palabra Dna. Ana Veira García. A portavoz do Grupo Municipal do BNG cualifica a intervención da portavoz do Grupo Municipal do PP de publicidade de determinadas políticas e fai referencia á emigración como motivo do descenso do paro e á falla de prestacións, cuestionando así os datos dados na intervención anterior. Remítese ás manifestacións como xeito de plasmar o descontento de determinados sectores (funcionariado, pensionistas...) e plantexa a necesidade dun cambio da Constitución para axustalo á situación actual. Cualifica as declaracións dos líderes sindicais como "tristes" xa que deberían ter algo máis que dicir e considera que o que non axuda é estar quieto. Fai referencia aos acordos asinados polas centrais sindicais UGT, CCOO e CESIF para a formación de cadros sindicais e que dende a CIG xa se anunciou que non van aceptar eses cartos. Conclúe indicando que dende o BNG se apoia a moción da CIG e o momento da convocatoria de folga como xeito de dicir aos gobernantes que non se está de acordo.

Toma a palabra D. José Simoes Couceiro. O portavoz do Grupo Municipal do PSOE di que estando de acordo co espírito da moción, por coherencia, dende o seu grupo só se apoian as folgas referendadas por todas as organizacións sindicais.

Pecha o debate o Sr. Alcalde. D. Bernardo Fernández Piñeiro di que, na liña do que ven de dicir o portavoz do PSOE, historicamente, dende o seu grupo só se apoian as convocatorias propostas por todas as organizacións sindicais. Considera que a realidade non se corresponde coa argumentación do PP e remítese aos datos da EPA en tanto que se incrementou o desemprego. Pide honestidade e realismo cos datos e remítese ao criterio que manteñen tanto na oposición como no goberno de non apoiar convocatorias de folga convocada por só unha organización sindical, independentemente de cal sexa esta.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, **NON ADOPTÁNDOSE** o **ACORDO por 9 votos en contra** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE (7): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado; e do PP(2): Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e **2 votos a favor** das persoas que integran o Grupo Municipal do BNG: Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire.

6.-DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 60.2018 PMP E MOROSIDADE E ADXUNTOS (PRIMEIRO TRIMESTRE 2018)

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN

DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 60.2018 PMP E MOROSIDADE E ADXUNTOS (PRIMEIRO TRIMESTRE 2018)

(Expediente TEdC: 2018/G006/000065)

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

“(…) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes. (…)”

5.

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 60.2018, de asunto: “Informe en aplicación de lo establecido en la Ley 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, correspondiente al primer trimestre de 2018, y Período Medio de Pago (PMP).

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume a 3 de maio de 2018.”

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.

Non houbo.

8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 31/05/2018

Expediente: 2018/G006/000078

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **188.2018** de 23 de abril ao 291.2018 de 25 de maio, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data Sinatura
2018/G003/000243	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26.04.2018	00188/2018	23/04/2018



2018/G003/000135	RETIRADA DE VEHICULOS ABANDONADOS MATRIC C2528BP/2056HNG	00189/2018	25/04/2018
2018/G003/000244	PAGO DOS SEGUROS SOCIAIS, MES DE MARZO DE 2018	00190/2018	25/04/2018
2018/G003/000221	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE MARZO 2018	00191/2018	25/04/2018
2018/G003/000234	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 572018 XERACIÓN Nº 3 . CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA OFICINA DE TURISMO 2018	00192/2018	25/04/2018
2018/G003/000242	NOMEACIÓN DO XURADO PARA O V CERTAME DE TEATRO AFECIONADO PONTEDEUME EN OBRAS 2018	00193/2018	25/04/2018
2018/G003/000241	ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA	00194/2018	25/04/2018
2018/G003/000235	APROBACIÓN DE PAGO RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL Mª ANTONIA NÚÑEZ ANIDO	00195/2018	25/04/2018
2018/G003/000168	ALTA-BAIXA TAXA LIXO, Mª JOSEFINA E Mª CELIA VARELA CALVO	00196/2018	25/04/2018
2018/G003/000169	BAIXA TAXA LIXO, HERDEIROS DE MARIA DEL CARMEN CALVO BARRO	00197/2018	25/04/2018
2018/G003/000170	ALTA - BAIXA TAXA DE LIXO, SANTIAGO RODRIGUEZ VAZQUEZ E RAFAEL ALEJANDRO GARCIA ESCRIBANO	00198/2018	25/04/2018
2018/G003/000252	APROBACIÓN DAS BASES PARA PARTICIPAR NO CONCURSO DOS MAIOS 2018 DE PONTEDEUME	00199/2018	25/04/2018
2018/G003/000171	ALTA-BAIXA TAXA LIXO, ISOLINA CRIADO BELLO E FIDEL LOPEZ CRIADO	00200/2018	25/04/2018
2018/G003/000172	BAIXA TAXA LIXO, LUIS ARTURO VÁZQUEZ PIÑEIRO	00201/2018	25/04/2018
2018/G003/000180	BAIXA TAXA LIXO, MARIA JOSE BARROS SANTIAGO	00202/2018	25/04/2018
2018/G003/000247	014/X003. OUTORGAMENTO LICENZA PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS A NOME DE Dª YOLANDA PITA RAMIL	00203/2018	25/04/2018
2018/G003/000248	015/X003. OUTORGAMENTO LICENZA PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS A NOME DE D. LUIS ALFONSO POUSO CAL	00204/2018	25/04/2018
2018/G003/000231	ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E OBRA PARA INSTALACIÓN DE PARQUE INFANTIL NOS XARDÍNS DE LOMBARDEIRO (PAS ADICIONAL 2015)-EXPTE 2018/C005/0000001	00205/2018	25/04/2018
2018/G003/000246	013/X003. OUTORGAMENTO LICENZA PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS A NOME DE D. DIEGO CASTRO MARTINEZ	00206/2018	25/04/2018
2018/G003/000262	SOLICITUDE DE EXPEDICIÓN DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00207/2018	25/04/2018
2018/G003/000177	BAIXA TAXA LIXO A SOLICITUDE DE MARIA	00208/2018	26/04/2018

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	ISABEL CASTRO CARPENTE		
2018/G003/000226	Xustificación degastos de persoal de mantemento do servizo de normalización lingüística do ano 2.017. Deputación da Coruña	00209/2018	26/04/2018
2018/G003/000232	Xustificación técnico deportivo deputación 2017	00210/2018	26/04/2018
2018/G003/000265	SOLICITUDE DE EXPEDICIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPCIDADE	00211/2018	26/04/2018
2018/G003/000268	NOMEACIÓN DO XURADO PARA O CONCURSO DE MAIOS DE PONTEDEUME 2018	00212/2018	26/04/2018
2018/G003/000269	ORDENACIÓN PAGO RELACIÓN FACTURAS Nº F/2018/4 DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.	00213/2018	26/04/2018
2018/G003/000255	Xustificación técnico de cultura. Deputación 2017	00214/2018	26/04/2018
2018/G003/000225	Xustificación da subvención do técnico de turismo das labores realizadas durante o ano 2017. Deputación da Coruña	00215/2018	26/04/2018
2018/G003/000216	Xustificación Programa de Integración Laboral 2017. Deputación da Coruña	00216/2018	26/04/2018
2018/G003/000253	INCIDENCIAS NÓMINA MES ABRIL 2018.	00217/2018	27/04/2018
2018/G003/000254	RESOLUCIÓN DA NÓMINA DO MES DE ABRIL DE 2018	00218/2018	27/04/2018
2018/G003/000237	SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DO DECRETO 99/2012, DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, POLO QUE SE REGULAN OS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS E O SEU FINANCIAMENTO. PASSCM 2018	00219/2018	27/04/2018
2018/G003/000272	NOMEAMENTO DAS PERSOAS MEMBRO DO XURADO DO XXVIII CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME.	00220/2018	02/05/2018
2018/G003/000137	Tramitación de Decretos	00221/2018	02/05/2018
2018/G003/000136	Tramitación de Decretos	00222/2018	02/05/2018
2018/G003/000256	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00223/2018	02/05/2018
2018/G003/000257	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00224/2018	02/05/2018
2018/G003/000258	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00225/2018	02/05/2018
2018/G003/000259	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E	00226/2018	02/05/2018



	OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA		
2018/G003/000260	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00227/2018	02/05/2018
2018/G003/000261	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00228/2018	02/05/2018
2018/G003/000263	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00229/2018	02/05/2018
2018/G003/000266	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00230/2018	02/05/2018
2018/G003/000267	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00231/2018	02/05/2018
2018/G003/000264	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00232/2018	02/05/2018
2018/G003/000238	AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	00233/2018	04/05/2018
2018/G003/000240	Xustificación 1º trimestre 2018 do técnico da Aula Cemit	00234/2018	04/05/2018
2018/G003/000220	CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA REFORMA DE PARQUE INFANTIL EN URBANIZACIÓN OLMO (POS+ Adicional 2017). EXPTE 2018/C003/000001	00235/2018	04/05/2018
2018/G003/000274	INCOACCIÓN DE ORDE DE EXECUCIÓN DE MEDIDAS URXENTES DE CONSERVACIÓN E SEGURIDADE DE INMOBLE	00236/2018	04/05/2018
2018/G003/000281	APROBACIÓN EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 6/2018, SUBEXPEDIENTE DE INCORPORACIÓN DE REMANENTES Nº 2.	00237/2018	04/05/2018
2018/G003/000227	EXPEDIENTE DE APROBACIÓN CERTIFICACIÓNS Nº 1, 2, 3 E 4 DA OBRA RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN VER (PMA/2016) EXPTE. 2018/C003/000003	00238/2018	04/05/2018
2018/G003/000189	APROBACIÓN PADRÓNS SAF LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, MES DE FEBREIRO DE 2018	00239/2018	04/05/2018
2018/G003/000214	ANTICIPO REINTEGRABLE DO TRABALLADOR DON JESUS Mª VILA VEIGA.	00240/2018	04/05/2018
2018/G003/000282	APROBACIÓN DO ANEXO I AO PLAN DESEGURIDADE E SAÚDE, PARA PROXECTO MODIFICADO DE OBRA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO	00241/2018	04/05/2018

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME EXPT 2016/C003/000001		
2018/G003/000275	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00242/2018	04/05/2018
2018/G003/000276	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00243/2018	04/05/2018
2018/G003/000277	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00244/2018	04/05/2018
2018/G003/000278	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00245/2018	04/05/2018
2018/G003/000270	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00246/2018	07/05/2018
2018/G003/000273	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME (PRESTACIÓN NOVAS)	00247/2018	07/05/2018
2018/G003/000283	RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 127/2018 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE 2 ALBANEIS. APROL RURAL 2018- EXPT 2018/G003/000130	00248/2018	07/05/2018
2018/G003/000284	016/X003. OUTORGAMENTO LICENZA PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS A NOME DE D. JACOBO GONZALEZ RODRIGUEZ	00249/2018	07/05/2018
2018/G003/000251	RESOLUCIÓN DE DESISTIMENTO DE LICENZA DE OBRAS E ACTIVIDADE PARA TALLER/ALMACÉN DE MATERIAL ELÉCTRICO NA PARCELA 2 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE VIDRIEIRO (PONTEDEUME)	00250/2018	07/05/2018
2018/G003/000218	CONCESIÓN PARA USO PRIVATIVO DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO PARA INSTALACIÓN DE BUZÓN DE CORREOS	00251/2018	07/05/2018
2018/G003/000230	CADUCIDADE DE EXPEDIENTE DE DEMOLICIÓN 2017/G003/000232 E NOVO INICIO DE EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE RUÍNA DE INMOBLE	00252/2018	07/05/2018
2018/G003/000229	CADUCIDADE DE EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE RUÍNA 2017/G003/000519 E INICIO DE NOVO EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE RUÍNA	00253/2018	07/05/2018



	DE INMOBLE		
2017/G003/000912	INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR POR PRESUNTA INFRACIÓN EN MATERIA DE INCUMPRIMENTO DE HORARIO (ESTABLECIMIENTO: BAR LA RUTA)	00254/2018	07/05/2018
2018/G003/000228	CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA INSTALACIÓN DE CUBRECOLECTORES DE LIXO EN CAMPOLONGO E CENTROÑA Expte. 2018/C002/000004	00255/2018	07/05/2018
2018/G003/000285	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00256/2018	09/05/2018
2018/G003/000245	APROBACIÓN DO PADRÓN DE VIAQUA, PRIMEIRO TRIMESTRE 2018	00257/2018	09/05/2018
2018/G003/000250	RESOLUCIÓN DE DESISTIMIENTO DE LICENZA DE OBRAS PARA INSTALACIÓN DE MONTACARGAS E ACCESO A ALMACÉN EN RÚA BETANZOS, 5 BAIXO (PONTEDEUME)	00258/2018	09/05/2018
2018/G003/000290	APROBACIÓN BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/HA TÉCNICO/A DE TURISMO DO CONCELLO DE PONTEDEUME. CONTRATO LABORAL TEMPORAL POR OBRA OU SERVIZO.	00259/2018	09/05/2018
2018/G003/000066	NCOACCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA A DIVINA IGLESIAS SANMARTÍN – EXPTE: 2016/I002/000009	00260/2018	10/05/2018
2018/G003/000086	INCOACCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA A JUAN JOSÉ LÓPEZ FREIRE E EMILIA CABANA BOUZA. EXPTE: 2017/I002/000002	00261/2018	10/05/2018
2018/G003/000292	ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA)	00262/2018	10/05/2018
2018/G003/000295	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00263/2018	10/05/2018
2018/G003/000279	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL MAIO 2018. EVA GUERRERO	00264/2018	10/05/2018
2018/G003/000280	EXPEDIENTE EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/6	00265/2018	10/05/2018
2018/G003/000296	BASES CONTRATACIÓN SEIS AUXILIARES DE POLICIA LOCAL, POLO PERIODO DE TEMPO DE SEIS MESES.	00266/2018	10/05/2018
2018/G003/000236	APROBACIÓN PADRÓNS SAF LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, MARZO 2018	00267/2018	10/05/2018
2018/G003/000286	LICENCIA VADO PERMANENTE DONA MARIA ELENA FERREIRO IGLESIAS	00268/2018	10/05/2018
2018/G003/000297	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS Nº F/2018/7.	00269/2018	10/05/2018
2018/G003/000291	SOLICITUDE DE EXPEDICIÓN DA TARXETA	00270/2018	10/05/2018

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE		
2018/G003/000298	SOLICITUDE DE RENOVACION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO	00271/2018	11/05/2018
2018/G003/000300	XUSTIFICACIÓN DE GASTO DA SUBVENCIÓN "PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADICTIVAS".	00272/2018	15/05/2018
2018/G003/000301	REMISIÓN EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO E REPRESENTACION DO CONCELLO NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO 0000041/2018 CONTRA O CONCELLO DE PONTEDEUME	00273/2018	15/05/2018
2018/G003/000294	CONTA XUSTIFICATIVA AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	00274/2018	15/05/2018
2018/G003/000299	Solicitud de subvención para a mellora das infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia. Pavimentación da Rúa Gonzalo Torrente Ballester.2018	00275/2018	16/05/2018
2018/G003/000173	ALTA-BAIXA TAXA LIXO, ALVARO ABELEDO PIÑEIRO E ASUNCION FERNANDEZ FERNANDEZ	00276/2018	16/05/2018
2018/G003/000174	ALTA BAIXA TAXA LIXO, XACOB GONZÁLEZ RODRÍGUEZ E BANCO SANTANDER	00277/2018	16/05/2018
2018/G003/000176	ALTA-BAIXA TAXA LIXO, JOSE CASTELOS CORTIZAS E EVARISTO CHAO LOPEZ	00278/2018	16/05/2018
2018/G003/000179	ALTA - BAIXA TAXA LIXO, SALVADOR LEON AGUILAR E Mª MERCEDES LEON SANCHEZ	00279/2018	16/05/2018
2018/G003/000302	PAGO MODELO 111-RETENCIÓNS IRPF ABRIL 2018	00280/2018	16/05/2018
2018/G003/000303	NOMEAMENTO COMO INTERVENTOR ACCIDENTAL A DON JOSE LUIS SANDE VÁZQUEZ	00281/2018	16/05/2018
2018/G003/000304	ASIGNACIÓN GRUPOS POLÍTICOS -1º TRIMESTRE DE 2018-.	00282/2018	16/05/2018
2018/G003/000305	PAGO ASIGNACIÓN GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG-AA DE PONTEDEUME, ANUALIDADE DE 2017.	00283/2018	16/05/2018
2018/G003/000224	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DE 28.05.2018	00284/2018	23/05/2018
2018/G003/000328	CONTRATACIÓN INTERINIDADE DE DNA. Mª TERESA VARELA VEIGA PARA CUBRIR O PERIODO VACACIONAL DE DNA. MANUELA ABEAL SÁNCHEZ.	00285/2018	23/05/2018
2018/G003/000307	AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	00286/2018	25/05/2018
2018/G003/000322	RESOLUCIÓN LISTA PROVISIONAL ADMITIDOS EXCLUIDOS, CONVOCATORIA PERSOAL OFICINA DE TURISMO	00287/2018	25/05/2018
2018/G003/000330	PAGO DE SEGUROS SOCIAIS, MES DE	00288/2018	25/05/2018



	ABRIL 2018		
2018/G003/000306	APROBACIÓN DE PADRÓNS SAF ABRIL 2018	00289/2018	25/05/2018
2018/G003/000289	REMISIÓN EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO E REPRESENTACION DO CONCELLO NO RECURSO CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVO 18/2018 DE CONSULTORA GALEGA SLU CONTRA O CONCELLO DE PONTEDEUME	00290/2018	25/05/2018
2018/G003/000335	LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 6 POSTOS DE AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL	00291/2018	25/05/2018

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Pontedeume, a luns 28 de maio de 2018.”

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

9. - ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra Dna. Ascensión de Vicente Olarte quen, como portavoz do Partido Popular formula os seguintes **ROGOS**:

1.- Rogamos habilitem un área provisional de carga e descarga na zona da praza mentres duren as obras do Mercado. Moi necesaria para os comerciantes da zona.

2. Rogamos busque unha solución, a máis axeitada, a praza de minusválidos próxima a Notaría xa que os vehículos aparcados nela ,adoitan invadir a calzada.

3.- O camiño que vai dende A Ría que pasa por Castrelo hasta Sambollo atopase deteriorado na zona que corresponde a Pontedeume, rogámolo seu arranxo.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que xa está encargado o proxecto. Dende o BNG súmanse a este rogo.

4.- Rogamos se mire a posibilidade de ampliar Camiño Da Costa que desemboca en Ver.

O Sr. Presidente di que o dito camiño se ten incluído no expediente de inclusión de camiños para pasar a titularidade pública municipal que xa veu a Pleno e que está a piques de rematar. Unha vez concluído o expediente, se procede, tendo en conta as alegacións que se presenten, pasarán a ser de titularidade municipal e a ser incluídas no Inventario.

5.- Rogamos limpen ademais das beirarrúas principais, as circundantes. Como exemplo en Ricardo Sánchez, solo se limpou esta deixando as beirarrúas ó redor sen limpar (Baltasar Pardal, Club Firrete, Camiño Estreito, Río Eume, ...).

6.- No pasado pleno comentámoslle fora de pleno da existencia dun pegote de cemento nunha beirarrúa có perigo que isto ocasiona, a día de hoxe segue sen quitarse rogamos procedan a eliminalo.

7.- Na Estrada de Centroña ao lado do Edificio chamado “o mamotreto” empezase a acumular o escombros rogamos procedan á súa retirada.

8.- Rogamos desbrocen e eliminen os ribazos do camiño que unen o camiño Da Pía có de Valdeviñatos en Andrade. Tamén que desbrocen a Avenida Castela e nas zonas de Riolongo, Bouzalonga e camiño de Covés.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Sr. Fernández Piñeiro indica que no día de hoxe se está a traballar na Avda. Castelao.

9.-Rogamos unha vez máis arranxen debidamente o aparcadoiro .

10.-Rogamos arranxen os contedores da Praza Da Calzada.

11.-Rogamos contesten ao noso escrito, presentado hai uns días polo partido popular.

12.- Rogamos doten de auga a Fonte Do Pilón.

Concluídos os rogos, dende o Grupo Municipal do PP fórmulanse as seguintes **PREGUNTAS**:

1.- As pasadas semanas houbo na avenida de Ferrol tantos días de auga como sen auga ¿cando ten previsto solucionar este problema?

D. Bernardo Fernández Piñeiro, introduce a súa intervención facendo referencia á forma e contido das preguntas presentadas polo Grupo Municipal do PP, xa que considera que se poden facer dun xeito máis serio xa que di que, a forma na que se expresan e as cousas que se din, crean alarmismo. Dito isto, ao respecto da pregunta indica que o proxecto para a execución da obra á que se refire a pregunta, de renovación de tubaxes na Avda. de Ferrol, foi aprobado, por unanimidade, no Pleno no que se adoptou o acordo relativo ao POS +, Plan que foi aprobado na Deputación o pasado mércores 17 e que se licitará en breve.

2.- Hai moitas zonas no pobo nas que as beirarrúas están en un estado tan lamentable que é imposible andar por elas, as fochas e a falta de lousas impiden que poidan ser utilizadas por carriños de bebés e persoas con mobilidade reducida. ¿Ten planificado algún plan de actuación para o seu arranxo ?

O Sr. Alcalde di que se leva meses traballando e fai referencia ás actuacións realizadas na contorna do centro de maiores, no atrio “das Virtudes”, no Barro..., indica que se executan os traballos tendo en conta a dispoñibilidade dos albaneis e pide, que revisen a forma de realizar a pregunta manifestando non estar dacordo co uso dos termos “moitas” e “lamantables”, e que lle digan cales, xa que non ten constancia de que sexan tantas e que polo tanto, considera que se está a esaxerar.

3.- Son varios plenos continuados os que vimos preguntando pola Feira Medieval sen que se nos aclare cal é a programación e como se vai desenrolar a súa organización. ¿Pódenmos aclarar dunha vez todo o referido o Feira Medieval deste ano 2018?

Dna. Yolanda Vázquez Busto, Concelleira Delegada de Cultura, Comercio e Turismo da conta de que se está a mirar a contratación da dinamización cunha empresa e que se realizará por un contrato menor.

Sobre a programación, indica que será similar á da edición anterior e que xa se mantiveron as primeiras xuntanzas de planificación e seguridade. Di que en dez días se comezará a pegar a cartelería, que se está a elaborar o video promocional e da conta das distintas actividades programadas para coa difusión e realización do evento.

Sobre o financiamento, polo que pregunta a Sra. de Vicente Olarte, Dna. Yolanda Vázquez di que se está intentando procurar o reforzo con aportacións do sector da hostalería e do comercio e que o resto, sufragarase con recursos propios.



O Sr. Alcalde apunta que non se ten facilitado información porque non a había.

4.- Hai varios días un grupo de persoas quedou pechado no interior do Torreón tendo que esperar mais dunha hora para poder saír do seu interior. Nin a Policía Local, nin a Concelleira de Turismo dispoñían de claves tendo a Concelleira que localizar as claves despois de moito tempo de espera da xente que estaba encerrada. ¿Porque non dispoñían das claves a Policía e a Concelleira? ¿Tomaron xa medidas para que non volva a pasar algo parecido neste ou noutro edificio publico?

Dna. Yolanda Vázquez Busto di que as claves estaban no Concello e que se tardou dez minutos en ir ao Torreón dende que se tivo constancia dos feitos. Indica que as persoas quedaron pechadas porque estaban nunha zona na que non estaba permitido estar, na terraza, fóra da zona de visita, que estaba acotada por unha lona e que, por tanto, a persoa que realizou a revisión non as viu.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte apunta como solución a unha chave maestra para todos os edificios municipais ao que o Sr. Alcalde contesta que non pode ser porque non é o mesmo tipo de chave para todos.

D. Bernardo Fernández Piñeiro conclúe indicando que a xente que se viu afectada pediu desculpas por non estar na zona habilitada.

5.- Hai 42 Concellos que se sumaron a oferta da Xunta para as prazas de Policía Local. Neste Concello en pouco tempo imos quedar con 3 Policías Locais, un feito que dende fai moito tempo xa era coñecido polo goberno xa que as baixas prodúcense pola xubilación de efectivos. ¿Cal é a solución deste Concello a este problema? ¿Cando vai a ter Pontedeume unha cadro de persoal de Policías adecuada o tamaño e poboación de Pontedeume?

D. José Simoes Couceiro, concelleiro de Réxime Interno, Formación e Emprego di que aínda non está clara a xubilación de varios dos policías en activo, xa que non se aprobaron as leis que o permita. Indica que hai moitos outros Concellos que non se sumaron ao sistema da Xunta, ao tempo que non pecha a posibilidade para mais adiante. Anuncia que a previsión do Goberno é a de convocar, como mínimo, catro prazas de Policía Local.

6.- Foron moitas as queixas dos veciños de Andrade polo Rally que se celebrou en días pasados. Moitos veciños non puideron entrar as súas casa por ter a estrada cortada e non estar avisados. Algúns incluso perderon a comida que compraran. Houbo queixas pola actuación de Protección Civil que non daban solucións. Os participantes no Rally queixábanse do trastorno persoal e económico que supuxo ter que mover os coches dende o Polígono de Vidreiro ata o Paseo Marítimo. Os tráiler no Paseo Marítimo van a supor roturas nas bancadas de pedra polo gran peso engadido. ¿Deron explicacións sobre todo isto? ¿Quen vai correr con todos estes gastos?

O Sr. Presidente considera que a pregunta contén cuestións que non son exactas e que outras non teñen que ver coa realidade xa que di, se deron as oportunas explicacións nunha reunión coa veciñanza e que se teñen pedido desculpas para cun problema de coordinación xurdido cos membros de protección civil que viñan de fóra do Concello. Indica que cando se falou coa organización do evento, en ningún momento se dixo que non se puidera transitar e que as persoas participantes xa eran coñecedoras, no momento de realizar a inscrición para a participación, que se ían ter que trasladar dende o polígono ao paseo. O Sr. Fernández Piñeiro defende a presenza dos coches no paseo como xeito de ter presenza de xente no pobo que é, xunto coa dinamización do deporte, o que se pretende coa autorización da realización deste tipo de eventos, e incentivar a economía local. Di que non lle consta que houbera queixas por isto e que non se produciu dano algún. Conclúe pedindo rigurosidade á hora de facer as preguntas.

7.- A praia de Ver, un ano mais, non pode ser utilizada para o baño. Os informes de sanidade prohiben o baño e esixen a colocación de carteis que expliquen que non se pode nin sequera

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

acercarse a auga. E unha grande irresponsabilidade colocar un papeliño de aviso e non facer nada mais. O igual que poñer unha caseta de socorrismo pola confusión que pode xerar nos usuarios do areal. Houbo xa días de praia e Ver estaba cheo. Este Concello ten a costume de facer grandes anuncios en prensa pero neste caso permanece calado. Se pasa algo a inacción de Goberno tamén supón responsabilidade. ¿Qué van facer cun tema tan importante no que está en xogo a saúde dos usuarios da Praia de Ver?

O Sr. Alcalde considera que non existe rigurosidade na pregunta, en tanto que en ningún lugar se di que non se podan achegar á auga. Defende a xestión do goberno local na busca dunha solución á problemática e di que non vai promover que a xente non acuda a Pontedeume.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte considera que se debe dar información á poboación mediante o uso das redes sociais e prensa.

D. Benardo Fernandez Piñeiro di que se ten informado á poboación coa colocación de carteis informativos, que se trata de non prexudicar á economía local e que non ten responsabilidade para co asunto, e sí os gobernos anteriores.

Dna. Ana Veira García, portavoz do BNG pide completar a pregunta ao Sr. Alcalde xa que, en febreiro, dixo que había un proxecto.

D. Bernardo Fenández Piñeiro di que para a realización da actuación sobre o bombeo de Centroña, financiada con fondos da Deputación, se está a agardar pola autorización de Augas de Galicia. Sobre a actuación en Ver, indica que se está á do convenio coa Xunta, quen se encarga tamén do proxecto. Informa de que en Centroña se ten detectado que o tubo do saneamento estaba roto e que por tanto, parte da contaminación podería estar motivada por isto, téndose xa solucionado.

8.- As parcelas de Polígono do Vidreiro, propiedade do Concello, están cheas de maleza, hai outras parcelas de propiedade municipal na mesma situación. Coa entrada en vigor da nova Lei de incendios de Galicia hai a obrigación de manter limpas as parcelas para previr incendios. Se os veciños están obrigados a cumprir a Lei baixo pena de multa en maior medida o Goberno municipal debe cumprir con esta obriga. Aínda que xa vamos fora de prazo ¿Van a realizar as actuacións necesarias que marca a Lei nas fincas e parcelas municipais?

O Sr. Alcalde indica que xa se está a facer dende hai meses, tanto en fincas como en viais municipais.

9.- A última Romaría de San Miguel de Breamo tivo escasa afluencia de romeiros e as queixas foron xeneralizadas. En grande medida foron causadas pola decisión do Concello de sacar como día festivo esta data e cambialo polo martes de Carnaval que tampouco supuxo unha grande afluencia de xente. ¿Van a tomar medidas para que non se perda tamén esta romaría de fonda tradición eumesa?

Dna. Yolanda Vázquez Busto apunta unha afluencia normal.

Intervén o Sr. Alcalde quen di que lle parece ridículo e vergonzoso usar este tema para facer política xa que se está dando a entender que sempre foi festiva esta data de conmemoración de Breamo, cando nos últimos dez anos só foi dous. Apunta que a asistencia de xente nesta data do mes de maio sempre foi máis floxa que a de Setembro. Pide seriedade e honestidade, así como facer política construtiva.



10.- O teléfono de atención os peregrinos para solicitar praza no albergue ten numerosas queixas. Moitas veces non contestan, outras hai que esperar horas para que abran, outras din que abren as 7 da tarde. Hai moitos hostaleiros que están facendo os servizos que lle corresponden o Concello atendendo os peregrinos. A afluencia de peregrinos é cada vez maior pola atracción que esperta o camiño pero o servizo é moi deficiente. ¿Teñen pensado corrixir este problema e se é así cales son as medidas que van a tomar?

Dña. Yolanda Vázquez Busto considera a atención positiva se ben, mellorable. Di que hai constancia de catro queixas, que se presentaron na oficina de turismo e que dende esta se ten reforzado a atención ao Albergue, onde é imposible ter unha persoa permanentemente. Indica que non se teñen recibido queixas por correo electrónico, como chegaban ao principio.

11.- Os novos límites das Fragas do Eume afectan a noso Concello. ¿Vai a haber un período de exposición pública? ¿Van facer unha reunión para dar a coñecer os afectados o que implica e en que lles afecta?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que xa se ten realizada a exposición e publicado un Bando informativo. Da conta de que o día sete de xuño se atenderá á xente na oficina das Fragas.

12.- Comunicannos que os traballadores do Concello están a recoller os enseres cando hai unha empresa contratada para ese tema. ¿Cómo pode ser isto?

D. José Simoes Couceiro di que se trata dunha actuación puntual, logo do cese da empresa que realizaba as funcións e que agora hai outra, cun contrato menor, que ten programada a recollida todos os primeiros martes de mes. Indica que se recolleu os días 2, 3, 4 9 e 11.

Concluída a quenda do Grupo do PP, toma a palabra Dña. Ana Veira García, portavoz do BNG-AA, quen formula os seguintes **ROGOS**:

1. Ordenanza de Normalización Lingüística do Concello.
Segue habendo incumprimentos desta ordenanza(sobre todo no capítulo segundo e terceiro) PREGAMOS a súa difusión nos diferentes ámbitos para poder coñecela e o control do seu cumprimento.

2. Sinalización de Tonelaxe.
Por camiños do concello circulan vehículos de gran tonelaxe.
PREGAMOS a colocación de sinais do límite de tonelaxe autorizado en diferentes camiños do concello.

3. Policía Municipal.
Logo dos sucesos ocorridos o luns 14 de maio.
ROGAMOS a creación dunha comisión onde se dea voz ás partes implicadas e estean todos os grupos políticos do concello.

4. Amaño de camiños.
Na zona de Vizús a Castrolo, Centroña dirección S.Bollo... os camiños presentan unha situación de abandono e deterioro importante.
SOLICITAMOS o seu amaño.

5. Fochancas no inicio do paseo.
Na zona de aparcadoiro das inmediacións da marquesiña de autobuses existen varias fochancas.
ROGAMOS a reparación do firme.

6.- Seguridade en diferentes viais.
Reiteramos o rogo presentado xa que a situación de perigo nestes viais é maior cada día.
.- Covelo a S.Bollo (zona da Presa), subida da Cabana, zona do taller de Arteeume ata fonte do Cobelo...

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PREGAMOS a colocación de quitamedos así como puntos de reflectantes ou outro mecanismo que resalte o perigo que supón o tránsito de vehículos sobre todo durante as horas de escuridade.

7. -Fomento da participación.

Como xa comprobamos ao longo de case tres anos de lexislatura a participación da cidadanía nos plenos municipais é case NULA.

En moitos plenos ademais houbo concelleiros/as sen dedicación que non puideron estar nos mesmos por motivos laborais.

SOLICITAMOS a celebración dos plenos municipais en horario de tarde.

O Sr. Alcalde Presidente di que se podería facer, pero que a experiencia demostrou que a afluencia de público era a mesma e que non todos os concelleiros e concelleiras traballan pola mañá xa que hai quen traballa a turnos. Di que a asistencia non depende en exclusiva dos traballos, se non do interese da cidadanía.

8.- Patio do edificio de Servizos Sociais.

Este patio podería ser utilizado como espazo para diferentes actividades.

(Airiños/maios...). Importante ante a falta de locais.

SOLICITAMOS a cubrición deste espazo para poder facilitar o seu uso.

9.- Día do Orgullo LGTBI.

O 28 de xuño é o día internacional do orgullo lgtbi.

ROGAMOS a posta en marcha de actividades de sensibilización que traballen polo respecto á diversidade .

10.- Reposición espello vial.

Na zona de Esteiro no cruce da estrada comarcal e o camiño á capela só queda o armazón metálico do espello que facilita a seguridade vial.

ROGAMOS a colocación dun novo.

Pasando a formular as seguintes **PREGUNTAS**:

1.-Axudas de material escolar do curso 2017/2018.

Xa no pleno do mes de xaneiro presentamos unha pregunta e instábamnos accións ao goberno municipal para que non se repetira o sucedido durante anos anteriores.

Está claro que a estas alturas de ano rematará o curso 17/18 e as familias non terán a axuda.

Para cando a convocatoria destas axudas do curso 17/18?

Dna. Raquel Caruncho Corral, Concelleira de Servizos Sociais, Educación e Deportes indica que se ten publicado no día de hoxe a aprobación definitiva da ordenanza, polo que a partir de mañá se poderán presentar as solicitudes. Di que se está a traballar sobre a convocatoria das seguintes e que se está a mirar o xeito da sinatura dun convenio coas librerías de Ponte deume para poder xestionar as axudas mediante bonos.

[Abandona a sesión D. Jorge Serafín Allegue Freire, sendo as 14h04min.]

2.- Deterioro de camiños.

En diferentes puntos do concello os deterioros de camiños por accións relacionadas coas talas forestais é chamativo.

Como se reparan estes?

A cargo de quen van?



O Sr. Alcalde indica que o procedemento que se adopta ante estas situacións iniciase coa elaboración dun informe por parte do policía urbanístico do que se da traslado ao madeirista para que ou o amaña ou se lle retén o aval. Di que se vai intentar modificar a ordenza para facer responsable subsidiaria á persoa propietaria do monte no caso de non se identificar á persoa responsable. Apunta o problema engadido de que algún dos camiños sexan serventías.

3.- O Orzamento de 2017.

Falouse en varios medios do superhábit de que presentaban as contas do concello. Cal é a cantidade total que corresponde a non execución de accións dependentes do orzamento do 2017?

O Sr. Presidente di que non hai ningunha cantidade, que se executou en torno ao 70% do orzamento e que o que non se ten executado correspóndese coa obra do mercado xa que, se non hai ingreso, non hai gasto.

4.- Alumeado público.

Na acción 47 do Plan B prometíase *"Mellorar o servizo de mantemento do alumeado público, sacando a concurso a súa xestión de forma inmediata"*

A estas alturas de lexislatura

Cando sairá este concurso?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que xa está listo o prego adaptado á lei de contratos, pendente de informe.

5.- Cláusulas sociais.

En anteriores plenos solicitamos a incorporación en todos os contratos públicos feitos por este concello a incorporación de cláusulas sociais, o último no pleno de febreiro no que se nos contestou que se estaba a mirar "algo" no da auga.

Na Deputación de A Coruña existen Pregos tipo no que se contemplan estas cláusulas.

Están a utilizarse estes pregos tipo?

Que cláusulas se contemplan?

O Sr. Fernández Piñeiro di que xa se están a utilizar estes pregos porque son obrigatorios nas contratacións financiadas pola Deputación. Apunta a que se deu traslado á redactora para que se inclúan este tipo de cláusulas nos pregos para a licitación do servizo de saneamento e abastecemento de auga.

6.- Iluminación navideña.

Este Nadal podemos ver cambios na iluminación navideña do concello.

Cal foi o gasto total que se fixo?

Dna. Yolanda Vázquez Busto di que xa se ten dado conta deste gasto noutro pleno e que ascendeu a dezaseismil noventa euros máis iva.

Dna. Ana Veira García di que se gasta o dobre que en vigo en proporción á poboación local.

7.- Transparencia.

Na promesa 104 do seu programa falaba de "Contestar a todos os escritos que se presentes no rexistro municipal no menor tempo posible.

O Grupo municipal do BNG presentou un escrito no mes de outubro do 2017.

Cando van cumprir?

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que non se di como se contestaría e que moitos dos escritos contéstanse por teléfono non quedando, por tanto, constancia escrita se ben, en tanto se poda, farase por este medio. Considera que a promesa está cumprida xa que se contesta no menor tempo posible.

8.- Situación da auga nas praias.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Logo da situación vivida nas praias de Ver e Centroña que deu lugar á catalogación de non aptas para o baño.

No pleno de febreiro díxosenos que había medicións feitas, non había resultados, había un proxecto para Ver e a obra de Centroña sen licitar.

Cal é a situación actual ?

Dáse por contestada na quenda anterior de preguntas.

9.- Aparcadoiro do IES Fraga do Eume.

É repetida a nosa solicitude de amaño deste aparcadoiro, levamos toda a lexislatura e seguimos sen coñecer proxecto algún nin acción.

Agora xa se poden facer investimentos

Para cando esta obra?

O Sr. Presidente di que se ten encargada unha memoria ao técnico municipal se ben non se ten realizado pola priorización das actuacións, tento en conta o volume de traballo deste ao que se suma a baixa da arquitecta municipal. Da conta da idea da actuación, coa colocación de malla de abella, un acceso ao paseo...

Dna. Ascensión de Vicente Olarte pregunta polas certificacións de obra do mercado, ante a baixa da arquitecta municipal. D. Bernardo Fernández Piñeiro di que é David quen se está a encargar da obra do mercado e que para o momento en que haiba que asinar as certificacións o Concello terá nomeado a un/ha substituto/a.

10.- CEM do Curso 17/18.

No pleno do mes de xaneiro 2018 fixemos unha pregunta sobre a convocatoria dentro deste curso 17/18.

Respondéusenos que antes do remate do segundo trimestre . Xa estamos a rematar o terceiro. Se lles enche a boca co concepto : “Participación da cidadanía” e logo as canles de participación non se activan. E de palabras baleiras.

Haberá algunha reunión do CEM no curso17/18?

Dna. Raquel Caruncho Corral contesta que posiblemente en maio ou xuño e xustifica en cuestións de axenda a non convocatoria. Dito isto, indica que mantén contacto coa dirección dos centros.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte e un minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.



CVD: rIe3OrEGzBpTJCw47ngZ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.